Silicon Valley financia un proxecto tecnolóxico do CESGA a desenvolver en Boqueixón-Vedra

- Actualizado (07.07.2010)

No mes de xuño, HP Labs, a división de I+D de Hewlett-Packard en Palo Alto, California, aprobou tres proxectos na área de tecnoloxía cloud (en nube) e educación presentadas a nivel mundial. Unha destas propostas foi presentada desde as áreas de e-Learning e Sistemas do Centro de Supercomputación de Galicia, orientada a avaliar unha solución baseada en tecnoloxías cloud para proporcionar servizos de colaboración e aprendizaxe online ás redes de Centros Rurais Agrupados. As outras dúas propostas seleccionadas ,e que contarán con financiamento de HP Labs, foron realizadas por unha universidade norteamericana, e por unha universidade de Taiwan.
(+)